



## CONCELLO DE BARBADÁS

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 11 DE XANEIRO DE 2012.

#### ASISTENTES:

##### **Alcalde-presidente**

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO( PP)

##### **Concelleiros/as**

D. M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ( PP)

D.<sup>a</sup> MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.<sup>a</sup> NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ÁNXELA GONZÁLEZ CID ( BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

##### **AUSENTES :**

-----  
**Secretario Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 12,00 horas do día 11 de xaneiro de 2012 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procedese á análise dos puntos da orde do día.





### PARTE RESOLUTIVA:

#### **1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR**

D<sup>a</sup> Victoria Morenza (PSdeG-PSOE), solicita a constancia na acta anterior, da afirmación do tenente de alcalde, na páxina 12, de que non existen colectores máis lonxe de 150 metros dunha casa nos pobos. E solicita que na páxina 17 se recolla a cifra actual de poboación, que é de 10.124 habitantes.

O SR. Fírvida (BNG) sinala que o seu grupo vaise abster porque a pesar de que se toman medidas para limitar as intervencións da oposición no Pleno, por parte do grupo de goberno, non se toma ningunha medida para que se recollan as intervencións correctamente.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE, e as abstencións do BNG, o seguinte acordo: **“Aprobación da acta da sesión do 19 de decembro de 2011”**.

#### **2.- RECOÑECIMENTO A D. PEDRO CRESTELO RODRIGUEZ**

Pola Presidencia explícase que ante a petición de numerosos veciños, preténdese poñer o nome dunha praza a D. Pedro Crestelo Rodríguez.

O Sr. Fírvida (BNG) sinala que o seu grupo vaise abster, non porque crean que o Sr. Crestelo non ten méritos suficientes para este recoñecemento, cousa que non poñen en dúbida, senón porque neste Concello non existe un regulamento sobre expedientes de honra que faga posible a participación de todos os veciños. Entende que este tema ten que ser algo máis serio, e que seguramente o Sr. Crestelo merece o que os veciños piden, pero cun expediente de honra, con audiencia dos veciños, e logo poderíase facer un acto coa súa familia, con lectura dos seus méritos, a modo de homenaxe.

Sinala tamén que moitos veciños creen que o seu pai foi un home que merecía tamén un recoñecemento, porque adicábase a dar de comer a todos os pobres, e seguramente esa praza sería un lugar idóneo.

A Sra Morenza (PSdeG-PSOE), lembra que aínda non se cumpriu o acordo de dar o nome ó Centro Social de Piñor, de Carmen Martín Gaité, e tamén a idea de homenaxear a Failde, e manifesta o acordo do seu grupo coa idea de elaboración dun regulamento de honores.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE e as abstencións do BNG, o seguinte acordo: **“Designar a praza ubicada en Loiro, lindante coa nacional 540, esquina acceso ó casco vello co nome de D. Pedro Crestelo Rodríguez”**





### 3.- MOCIÓNS :

#### A) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA RECUPERAR E DINAMIZAR AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO PARQUE LUCINDA NO FONSIILLÓN

Polo Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) procédese á lectura e defensa da seguinte moción :

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Unha das cuestións que máis preocupan ó Grupo Municipal Socialista en Barbadás é a precariedade das instalacións deportivas no noso Concello e por esta razón xa temos presentados diversas iniciativas relacionadas con esta problemática.

Os Socialistas queremos apostar pola potenciación do deporte de base e a promoción da práctica deportiva. Estas dúas cuestións teñen que ir acompañadas de xeito ineludible de instalacións de proximidade que favorezan o acceso de toda a veciñanza a estas actividades de lecer. Polo tanto, o fomento efectivo do deporte debe traducirse tamén en equipamentos axeitadamente dimensionados a cada localidade do concello e a súa realidade poboacional.

É fundamental que a cidadanía teña preto instalacións, de xeito que poida practicar deporte no seu entorno máis próximo.

As políticas sociais e urbanas dos países con sociedades máis avanzadas hai anos que incorporan o deporte entre as súas prioridades: o deporte permite achegarse ós mozos e ás mozas, reforzar a identidade dun lugar e incluso potenciar a autoestima colectiva, así como as relacións interxeracionais. A falla de planificación do Partido Popular en relación a esta problemática faise especialmente patente no lugar do Fonsillón, en concreto no Parque Lucinda, onde o Concello construiu unhas pequenas instalacións deportivas que actualmente están totalmente en desuso e completamente deterioradas. Esta situación pon en evidencia o desinterese e a desidia do Partido Popular en relación tamén co seu mantemento.

A poboación deste barrio ten medrado nos últimos anos de xeito importante e, polo tanto, resulta fundamental pór en valor os escasos equipamentos deportivos existentes en Barbadás, pero non só para o uso da veciñanza do entorno, senón tamén para complementar as outras dotacións do Concello. Por todo o anteriormente exposto, proponho ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- recuperar e axeitar ás necesidades actuais a dotación deportiva do Parque Lucinda (O





## CONCELLO DE BARBADÁS

Fonsillón) par facilitar a práctica de deportes coma o futbito e o baloncesto

- que esta actuación se contemple no plano de obras municipal para o ano presente e que se inclúa a intervención coma prioritaria.

Sostén o voceiro, que para potenciar o deporte, ten que haber unhas instalacións deportivas axeitadas, e que as do noso Concello estan deterioradas, mentres a poboación vai medrando.

Entende que o Concello de Barbadás presume da práctica deportiva, pero as zonas deportivas non teñen un mantemento adecuado, e no Prego regulador do contrato do Polideportivo se incumpren as previsións, por exemplo en canto ó remate da obra, que estaba fixado para o sete de outubro de 2010; lembra que existen penalizacións por mora, e que non se estan a aplicar.

O noso Concello ten equipos de diversas modalidades deportivas, de distintas idades e nivel, e un gran número de veciños practican deporte pero non temos instalacións axeitadas.

A situación de Barbadás é lamentable, e se define cos termos de malgasto, mala xestión e planificación e abandono, todos elos aplicables no caso do parque Lucinda.

Toda a veciñanza precisa de instalacións que teñen que servir para dar satisfacción ás necesidades da poboación, polo que solicitan que se elabore un plan, con un prazo, para levar a cabo a revisións de instalacións deportivas.

D. Serafin Núñez (BNG) sinala que fai 20 anos que se fixo o parque, e que cree que nin sequera foi con fondos municipais, e logo, nunca se fixo nada para manter esta zona. O BNG trouxo propostas de mellora desta área recreativa, pero ademais desta área, fan falta áreas recreativas nas distintas parroquias, para os veciños.

Lembra que na parte inferior desta zona, existen uns baños públicos cuxas chaves téñenas uns veciños, e que están pechados. Entenden que o correcto é que se rehabilite a zona e que se depositen as chaves por exemplo na asociación, para o uso dos veciños. Trátase da necesidade dunha posta en valor e revalorización, que o BNG xa pediu en varias ocasións a través de formulas como a do rogo.

A política do PP é a de centralizar, pero fan falta dotacións nas parroquias. Solicita que se concreten planes de actuación, e prazos de execución para este tipo de dotacións.

Pola Presidencia respóndese que o grupo de goberno votará a favor, pero coas seguintes matizacións :

- Darase prioridade ós arranxos que poida facer a brigada de obras.
- Os arranxos que supoñan inversión, aínda que se fagan neste ano, serán posteriores.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) sinala que lles resulta indiferente que se faga por etapas, sempre que se faga nesta ano. Sinala respecto as chaves, que temos unha concellería que debe ser responsable do





## CONCELLO DE BARBADÁS

control, mantemento e a xestión de esa área e das demais do municipio, e que deberíase facer incluso publicidade da existencia deste tipo de zonas, para potenciar o seu uso. Remata sinalando que a concelleira de deportes ten que xestionar todas as áreas deportivas do Concello.

O Sr. Núñez (BNG) lembra a necesidade de posta a disposición dos veciños das chaves dos aseos.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando , por unanimidade o seguinte acordo : “

- **recuperar e axeitar ás necesidades actuais a dotación deportiva do Parque Lucinda (O Fonsillón) para facilitar a práctica de deportes coma o futbito e o baloncesto.**
- **que esta actuación se execute no ano presente.”**

### **B - MOCIÓN DO PSdeG- PSOE PARA REALIZAR UN ESTUDIO QUE SE INCREMENTE A SEGURIDADE VIARIA EN LOIRO E INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A DESEÑAR UNHA REGULACIÓN DO TRÁFICO MÁIS REALISTA (habilitar un paso de peóns, limitar os adiantamentos e a velocidade no tramo urbano)**

D<sup>a</sup> Victoria Morenza (PSdeG-PSOE) procede á lectura e defensa da seguinte moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A seguridade viaria é fundamental naqueles lugares nos que a perigosidade do tráfico é unha constante na vida cotiá da veciñanza. Esta situación afecta á cidadanía en pobos coma Bentraces ou Loiro e por este motivo o Grupo Municipal Socialista ten presentado varias iniciativas co ánimo de mellorar a situación de seguridade do tráfico diferentes lugares do concello de Barbadás.

Un dos lugares con maior perigosidade vinculada á circulación de vehículos e peóns é a travesía urbana de Loiro. A densidade de tráfico que rexistra a estrada OU-540 que comunica Ourense con Portugal incide directamente na vida diaria dos veciños e veciñas deste pobo.

Constitúe unha evidencia a necesidade que existe de actuar na regulación do tráfico no tramo urbano de Loiro para incrementar a seguridade viaria. Faise necesario un estudio para mellorar as condicións de circulación e facer cómoda e accesible a circulación para os vehículos e o tránsito das persoas. Ambos os dous aspectos teñen que compatibilizarse, tendo en conta que hoxe en día a perigosidade incide negativamente nos peóns que camiñan polas inmediacións deste vial.

Resulta paradóxico que o sinal que indica que non se pode circular a máis de 50 kilómetros por hora se atope moito antes de comezar a zona urbana e onde hai unha menor presenza de persoas, mentras que en pleno centro do pobo de Loiro, é dicir, onde se ubica o restaurante a velocidade permitida increméntase a 70 km/h. Isto significa que só hai un tramo demasiado reducido con circulación a 50





## CONCELLO DE BARBADÁS

km/h cando o normal sería que esta fora a velocidade máxima permitida ó longo da práctica totalidade da travesía.

Outra incidencia negativa que a propia veciñanza padece cada día pasa pola posibilidade que existe de que os vehículos adianten practicamente ó longo de toda a travesía, o que provoca que a velocidade se incremente e a perigosidade sexa unha constante. A veciñanza ten reiterado que tanto o límite de velocidade, que debería fixarse en 50 km/h, como os adiantamentos en plena zona urbana son problemas que lles afectan á súa vida cotiá e sobre os que reclaman unha intervención por parte das autoridades municipais e da propia Xunta de Galicia.

A esta situación de inseguridade viaria, principalmente para os peóns, hai que sumar o feito de que ó longo da travesía existen 5 interseccións, un feito que incrementa a densidade do tráfico e fai máis perigosa a circulación non só para os peóns, senón tamén neste caso para os condutores do pobo de Loiro que acceden á via principal.

Pero o que resulta máis preocupante tanto para a cidadanía como para o Grupo Municipal Socialista é a inexistencia de pasos de peóns do tramo urbano da OU-540. Esta carencia contrasta coa regulación do tráfico con que conta a travesía en Bentraces. Dende o PSdeG consideramos que esta ausencia de un paso de peóns supón un agravio comparativo de Loiro e non acabamos de entender esta diferenza de trato. Esta situación pode ter relación coa maior presión social que se exerceu en Bentraces no seu día, pero consideramos que Loiro debe recibir o mesmo trato porque a vía é a mesma e a perigosidade do tráfico na travesía é similar. Hai que lembrar tamén que se teñen producido accidentes en ambos os dous tramos, un motivo polo que a necesidade de intervir tamén debe afectar a Loiro.

Por todo o anteriormente exposto, proponho ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- Realizar dende o concello ou en colaboración con outras administracións un estudo para incrementar a seguridade viaria e mellorar a regulación do tráfico na travesía urbana de Loiro ó paso da estrada OU-540.
- Instar á Xunta de Galicia a realizar unha intervención para incidir na seguridade viaria nesta zona (habilitar un paso de peóns no lugar de máxima afluencia de peóns, que a velocidade sexa de 50 km/h ó longo de toda a travesía e que non se permita adiantar ó longo de todo o tramo urbano, por exemplo)

Sostén a voceira que este tema é unha das prioridades, e que xa fai anos que eles expuxeron este tema. Fai días, como consecuencia dun grave accidente na zona, se evidencia que este é un dos tramos máis





## CONCELLO DE BARBADÁS

perigosos e os do PP se empeinan en buscar solucións non realistas. Son conformistas e din que so lles mandarán un escrito á Xunta.... Vostedes gobernan e xestionan !!Ademais se ven afectados os de Celanova e a Baixa Limia por este tramo.

O camión encaixado ofrece unha mala imaxe da súa xestión, buscando atallos e beneficiando a uns poucos.

O PSOE non lle basta que inste á Xunta. A policía local, recentemente ampliada, ten un coñecemento da seguridade viaria, polo que sería conveniente que fixese un informe real que se enviaría á Xunta, xunto co acordo plenario. Solicita que se limite o adiantamento en tramo urbano, e que se habilite un paso de peóns, e non entenden un sinal que avisa da existencia dun paso de peóns elevado que non existe realmente.

O Sr. Núñez (BNG) manifesta a necesidade de mellorar a seguridade na travesía de Loiro, xa que existe un perigo moi evidente para a veciñanza, o ter unha vía principal de comunicación que o atravesa. Segundo a súa opinión, o que interesa é que as vías de comunicación sexan periféricas, pero esta está aí e polo tanto , o que temos que facer é tomar medidas de seguridade. Como sinais que moderen a velocidade a 50 Km/hora. Hai que facer propostas de pasos elevados de peóns colocados nas entradas e saídas de núcleo urbano, que servirían para regular a cuestión. No Plan E , que non se repetirá nunca mais xa co goberno “azulón” , se podería haber incluído este tema, en lugar de facer “majaderías”. Este tipo de obras de seguridade viaria e saneamento eran os que se tiñan que haber feito.

Anuncia que o BNG está a recoller sinaturas sobre estes temas, e que na Rúa Tomás Rodríguez Punxín non teñen beirarrúas e resulta necesario moderar a velocidade.

Agora que estes días estamos a falar do accidente do camión, aproveito para sinalar que existe un problema cos estacionamentos que obstaculizan a visión na calzada, polo que pido que se faga un estudio do tema, que se regulen os estacionamentos o redor da praza pública, e que se evite que se estacionen na mesma estrada nacional. Ademais deben facerse dous pasos de peóns nos lugares axeitados.

Polo grupo municipal do PS de G- PSOE acéptase esta emenda de adición.

Pola Presidencia sinalase que non se podía incluír ningunha actuación no Plan E, porque a estrada é autonómica. Non obstante, estamos de acordo en intervir e regular o tráfico nesa zona. No seu día se puxeron semáforos e logo houbo que quitarlos pola gran cantidade de accidentes que se producían. Respecto os pasos de peóns, teñen que ser elevados, porque son os que fan reducir a velocidade







## CONCELLO DE BARBADÁS

limitando o perigo. Nós aceptamos a moción con esas matizacións.

A Sra. Morenza sinala que están de acordo coa necesidade de que os pasos de peóns sexan elevados, e piden un informe á Policía Local exhaustivo. Tamén piden que se limite a posibilidade de adiantar.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade, o seguinte acordo: “

- **Solicitar á Policía Local un estudo para incrementar a seguridade viaria e mellorar a regulación do tráfico na travesía urbana de Loiro ó paso da estrada OU-540, así como sobre a situación actual dos estacionamento na vía pública nesta zona, e sinalar cales poden ser permitidos, e cales deben ser prohibidos.**
- **Instar á Xunta de Galicia a realizar unha intervención para incidir na seguridade viaria nesta zona (habilitar pasos de peóns elevados nos lugares máis axeitados segundo os informes técnicos; que a velocidade sexa de 50 km/h ó longo de toda a travesía e que non se permita adiantar ó longo de todo o tramo urbano.”**

### **C.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA INSTAR QUE SE AMPLÍE O HORARIO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LUDOTECA NA CASA DA XUVENTUDE (de 1h 30 minutos a 4 horas)**

Dª María Presas ( PS de G- PSOE), procede á lectura e defensa da seguinte moción:

A prestación do servizo de ludotecas que se ofrece na Casa da Xuventude non está axustado ás necesidades das familias que usan actualmente estas instalacións. Hai que ter en conta que como máximo os nenos e nenas maiores de 3 anos do Concello de Barbadás, poden na actualidade disfrutar como máximo de 1 hora e media ó día dos servizos da ludoteca infantil.

A situación da maior parte das familias que fan uso do servizo da ludotecas son persoas xóvenes, que traballan ambos os dous e precisan deixar durante unhas horas ós seus fillos para poder conciliar a vida privada, a familiar e a laboral. Na actualidade a cuota de socio anual é de 3 euros e a atención préstase dentro do horario de apertura do local, é dicir, de 16:30 a 20:30.

Dende o Grupo Municipal Socialista consideramos que nun dos concellos de toda Galicia nos que a natalidade aumenta dun xeito progresivo son precisas políticas destinadas precisamente á franxa de idade comprendida entre os 3 e os 12 anos. Sería preciso, polo tanto, que dende o grupo de goberno adopten medidas realistas e achegadas á realidade social de núcleos urbanos como A Valenzá, por exemplo.

Resulta evidente que 1 hora e media non é tempo suficiente para que un pai ou unha nai poidan nen







## CONCELLO DE BARBADÁS

siquera desprazarse sen presas para facer calquera tipo de xestión, recado ou mesmo traballos por horas. A lóxica di que establecer límites temporais para este tipo de servizos non é máis indicado. A proposta do Grupo do PSdeG consiste precisamente en ampliar o tempo de atención ós nenos e nenas, sen establecer límites. Deste xeito calquera familia podería levar ós cativos ó longo da franxa horaria de atención (16:30 a 20:30).

Por todo o anteriormente exposto, propono ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Que se amplíe de 1 hora e 30 minutos a 4 horas o tempo no que os nenos e nenas poidan facer uso das instalacións da ludotecas na Casa da Xuventude.

Sinala a voceira, que unha hora e media resulta insuficiente para aqueles pais que, o teñen que traballar o facer unha xestión importante. Non pretenden que se converta nunha gardería, pero si que se atendan as necesidades puntuais. Por elo piden unha certa flexibilidade horaria, e que se elaboren normas para casos puntuais, incluso aínda que se teña que presentar un xustificante desa urxencia da situación.

D<sup>a</sup> Ánxela González (BNG) sinala que son precisas políticas sociais, de muller, xuventude, con carácter universal, e que permitan a conciliación da vida laboral e familiar. Fai falta unha reestructuración das políticas, e dos servizos.

A Casa da Xuventude, é un espacio reducido, sen capacidade necesaria para as necesidades da poboación e sen persoal suficiente. Nin é gardería (nin podería funcionar como tal), e a hora e media de estancia dos nenos, podería ser axeitada si existise un programa global de conciliación da vida familiar e laboral no Concello. Neste contexto, podería ser posible a hora e media, ...pero se existisen outras opcións. Case toda a poboación e os monitores coinciden, en que se usa como aparcadoiro de nenos. Nos imos votar a favor da moción, pero propoñemos que se elabore un plan de actuación a medio prazo para a conciliación.

Pola Presidencia respóndese que a ludoteca non é unha gardería, e que o grupo de goberno está aberto a reorganizar o servizo, pero non admitimos que non exista mais oferta, xa que dispoñemos de escola de música, escolas deportivas, casa da cultura, ludoteca...No plan que se elabore non existe inconveniente en considerar casos excepcionais. Se pode contemplar que se un día á semana un pai ten que facer xestións, o neno quede mais tempo, pero non con carácter xeral a posibilidade das catro horas.

A Sra Presas (PSdeG-PSOE) sinala que hai pais que traballan polas tardes e non teñen recursos, e non





## CONCELLO DE BARBADÁS

poden ir a traballar porque non teñen quen lles queden cos nenos. Entende por tanto que, en casos concretos, con informes dos servizos sociais, e en función das posibilidades, se podería prestar ese servizo. Se é para gardar os nenos, habería que buscar unha solución diferente a da ludoteca.

A Sra. Vispo (PP), como concelleira delegada nesta materia, confirma as afirmacións do Alcalde: se o neno está escolarizado, ten a posibilidade de actividades extraescolares ata as oito da tarde; Se aínda é pequeno o neno, ten a escola infantil.

Na ludoteca, de tres a seis anos, facemos actividades durante unha hora e media, pero dentro das catro horas temos outras posibilidades de actividade, ademais da ludoteca.

Pola presidencia sinalase que se elaborará u plan de actuación contando coas peculiaridades das situacións, pero sen monopolizar a casa da xuventude par uns poucos. Ademais temos que ter en conta que se o neno ten 3 anos, necesitará unha persoa que o leve dende o cole ata a ludoteca , co cal ese problema sempre terano os pais.

A Sra. González (BNG) incide en que tense que definir ben o servizo porque o nome non se corresponde co que é, e pódese confundir cunha gardería ou aparcadoiro. Coñezo casos concretos que son sangrantes, dende o punto de vista da necesidade social, e precisan dunha solución.

Os de tres a seis anos, non teñen opción á gardería nin a ludoteca, polo que haberá que darlles outra solución. O BNG falou xa fai tempo, da posibilidade de crear bolsas de canguros, e incluso houbo acordos plenarios sobre o tema dos voluntarios, que non se levaron a cabo.

A Sra. Presas (PSdeG-PSOE), intervén para modular o seu acordo. Sinala que piden entón **que se flexibilice o horario e que se elaboren normas por escrito nas que se recolla a posibilidade de ampliación de tempo para casos puntuais e concretos, previo informe dos servizos sociais do Concello.**

A Sra. González (BNG) propón a seguinte emenda: **Elaborar un plan de actividades a medio prazo para optimizar a funcionalidade das infraestruturas actuais e poñelas ó servizo da mocidade e da infancia, favorecendo a conciliación da vida familiar, e o uso do tempo de lecer de xeito positivo.**

Trátase en resumen de detectar casos e darlles un tratamento humano previsto os informes de servizos sociais. Trátase de dar unha solución mais alá desta solución provisional.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade, o seguinte acordo: “

**1º- Que se flexibilice o horario da ludoteca e que se elaboren normas por escrito nas que se recolla a posibilidade de ampliación de tempo para casos puntuais e concretos, previo informe**





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

### **dos servizos sociais do Concello.**

**2º- Elaborar un plan de actividades a medio prazo para optimizar a funcionalidade das infraestruturas actuais e poñelas ó servizo da mocidade e da infancia, favorecendo a conciliación da vida familiar, e o uso do tempo de lecer de xeito positivo.”**

### **D.- MOCIÓN DO BNG SOBRE OS INCENDIOS DO OUTONO DE 2011 NA PROVINCIA DE OURENSE**

D. Serafin Núñez (BNG) , procede á lectura e defensa da seguinte moción.

Os montes galegos e particularmente os da provincia de Ourense veñen de sufrir a inicios do mes de outubro, unha vaga de lumes que arrasaron miles de Ha. (moita desta superficie en paraxes naturais de moitísima importancia desde moitos puntos de vista, véxase o Parque Natural do Xurés)

Pero o sr. Presidente da Xunta, encotrábase nestas datas en Arxentina, mercadeando e caciqueando coas vontades de nosa emigración, para encher sacas de votos para o pasado 20 de novembro.

E por non falar, do Sr. Roxelio Martinez que ardendo media provincia foise en coche oficial e gastos pagos a un partido de futbol ao Bernabeu. Vergonza lle tiña que dar se a tivera e debera renunciar ao cargo público eu ostenta por irresponsabilidade manifesta e abandono das súas funcións nuns momentos moi delicados.

O gran incendio de Manzaneda queimou 4.077 ha., superficie medida por técnicos competentes, que supón o 35% da superficie total do concello. Polo tanto moi lonxe das 1850 ha. que a consellería do M. Rural di que arderon. Xa que estes incendios foron pasando ata Chandrexa de Queixa, Laza e Vilariño de Conso (e esto xa non se conta..., incendios que comezaron no Val do Cenza o 1 de outubro e que estiveron activos ata o día 22: e non 6 días como di a prensa). Polo que a Xunta continúa falseando datos. A desfeita do Macizo Central é descomunal; a superficie total arrasada está moi preto das 15.000 ha.

Por certo na Serra do Xurés arderon 3200 hectáreas, medidas con XPS por técnicos competentes, e non as 800 que di o incompetente Samuel Juarez, natural de terras "montañosas" de La Bañeza (León) e conselleiro de Medio Rural da Xunta de Galicia.

No Xures, pasouse case unha semana ardendo no Parque Natural. Arderon os picos mais emblemáticos do parque, o cercado das Cabras monteses. Resulta vergoñento que nun paraxe tan emblemático non haxa un camiño limpo sequera.

Por todo o exposto, o BNG de Barbadás solicita ao pleno do Concello de Barbadás a adopción urxente





dos seguintes ACORDOS:

1- Reprobar a actuación do Goberno da Xunta de Galicia ante a vaga de incendios ocorrida en Ourense durante este outono, nomeadamente do Conselleiro do Medio Rural, do Director Xeral de Montes e do Delegado Territorial da Xunta en Ourense.

2- Instar á Xunta de Galiza a adoptar de forma urxente e inmediata as seguintes medidas para paliar as consecuencias dos incendios:

2.1- Executar un plan de restauración hidrolóxica forestal para evitar que coas choivas se produza unha erosión e degradación dos solos así como que as escorrentías acaben arrastrando as cinzas a acuiferos, regatos, ríos e depuradoras, provocando a súa contaminación.

2.2. Articular un plan de axudas para o sector gandeiro que lles axude a facer fronte ás perdas ocasionadas así como de medidas que garantan a alimentación do gando nos próximos tempos, articulando as medidas excepcionais previstas na ei de prevención de incendios forestais de Galiza, e garantindo que non van ver mermados os ingresos das axudas da PAC por superficie.

3. Instar a Xunta de Galiza a manter durante todo o ano unha adecuada política preventiva que impida a proliferación dos incendios e que diminúa o perigo para as persoas e as súas propiedades:

3.1. Retomar a realización de labores preventivos fóra do periodo de incendios a través dos medios propios e de encomenda de xestión á empresa pública SEAGA

3.2 Restablecer as axudas aos concellos para o mantemento dos perímetros de protección dos núcleos rurais e de elaboración de plans de prevención.

3.3. Restituir ás axudas ás Comunidades de Montes Veciñais en Man Común para a realización de labores preventivos, tanto para a contratación de medios humanos como materiais.

3.4. Realización cos medios da Xunta de Galiza de labores de silvicultura para a creación de pastos, naquelas zonas que o demanden os gandeiros.

4.- Instar á Xunta de Galiza a dotar ás Brigadas de Información e incendios forestais dos medios precisos para realización das súas funcións, continuar coa súa formación e retomar a súa coordinación coa fiscalía e coas forzas e corpos de seguridade do Estado.

5.- Instar á Xunta de Galiza a abrir un proceso de interlocución social conducente a lograr un consenso en torno a unha futura lei de montes que permita a posta en valor do noso patrimonio forestal, baixo os criterios de aproveitamento multifuncional e sustentábel, de ordenación do territorio e do espazo forestal e mantendo as medidas de prevención actualmente vixentes.





## CONCELLO DE BARBADÁS

Incide o voceiro na necesidade de facer política forestal, evitar o lume e previlo, porque así logo non temos que apagalalo. Se pregunta por onde está o tractor rozadora do Concello e a ordenanza que se propuxo facer. Propón que miremos para o exemplo de Allariz con formulas novas e experimentais, con gando que limpa os montes....non se pode pretender facer este traballo con dúas patrullas do Seprona. As brigadas de incendios forestais quedaron desmanteladas polo actual goberno.

A continuación fai un relatorio das hectáreas que arderon e das circunstancias concorrentes, e da actitude dos políticos con responsabilidade, que viaxaron a un partido de fútbol a Madrid.

Pola Presidencia se lle fai unha chamada a cuestión, para que se centre nos puntos da moción, dado que xa se excede do tempo porque pasaron nove minutos. O voceiro segue co seu relatorio e pola Presidencia faise unha nova chamada á cuestión . Finalmente a Presidencia retira a palabra ó voceiro cando leva 14 minutos de exposición.

A Sra Presas (PSdeG-PSOE) manifesta o acordo do seu grupo coa política preventiva, e quere saber cales son os criterios para levar a cabo a limpeza, e en que época se comeza.

Neste momento, sendo as 13,30 minutos, os integrantes do grupo municipal do BNG abandonan a sesión do Pleno, alegando que non se lles deixa falar nel.

Pola Presidencia respóndese que o grupo de goberno vai votar en contra, e que o criterio é o de limpar o perímetro de perigo, ademais das zonas denunciadas polos veciños. Pero esta limpeza precisa dun expediente, e si non existe colaboración dos particulares, hai que pedir autorización xudicial para a entrada en propiedades privadas.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando , cos votos en contra do PP e os votos a favor do PS de G- PSOE, o seguinte acordo: **Desestimación da moción presentada polo BNG sobre os incendios de outono de 2011 , en Ourense**

Por abandono da sesión dos membros do grupo proponente das mocións restantes, estas quedan sen debater, pasando os seguintes puntos da orde do día.

### PARTE DE CONTROL

#### 7.- DACION DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A Corporación queda enterada das resolucións dictadas pola Alcaldía dende a sesión anterior.





### 8.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) pregunta sobre as xestións realizadas en torno á iniciativa para a creación dun centro de día, o que se lle resposta que está en estudio a fórmula xurídica para levalo a cabo.

O mesmo voceiro solicita unha visita ás instalacións deportivas do campo dos Carrís, quedando esta fixada por acordo entre os concelleiros.

D<sup>a</sup> Victoria Morenza (PSdeG-PSOE) roga a concelleira de educación unha solución para unha veciña de Piñor que non pode trasladar á súa filla ás actividades extraescolares. Respóndeselle que o custe do bus para ese servizo é de 75 euros diarios, polo que tentárase buscar unha solución se existe.

- Solicita que se instale unha marquesiña na parada do hospital.
- Solicita a instalación dunha marquesiña en Parada, antes de chegar ó bar, na intersección da travesía de Parada coa estrada de Piñor.
- Solicita que se coloquen dous bancos no centro social de Piñor.

D<sup>a</sup> María Presas ( PS de G- PSOE) pregunta sobre a situación do contedor de vidro do parque dos patos, e que miren si está alí, ou si o levaron, e si o van poñer ou non.

### **SERAFIN NUÑEZ PEREZ**

- Que se adecente a zona recreativa que hai por baixo da gasolinera Galp no Fonsillón, coa colocación dalgunha papeleira (hoxe está absolutamente chea de lixo)

Cómpre adecentar as mesas, xa que hai bancos de pedra tirados no chan, etc.

Así como colocar de novo unha cadea ou similar para impedir o paso dos vehículos ao lugar.

- Que se proceda á retirada do remolque de camión matrícula 4233 DYD que está mal estacionado na rúa 17 de maio, fronte á ponte de Vilaescusa. Dado que se atopa en situación de abandono, sen rodas, etc, obstaculizando o posibel estacionamento doutros vehículos e en manifesta situación de ilegalidade.

- Que se proceda coa celeridade debida ao arranxo do firme da Travesía do Viso, que se atopa nunha situación absolutamente inaxeitada para o tránsito de vehículos (nalgúns casos é lamentable as entradas que teñen para os garaxes)

Asimesmo que no mesmo proxecto se contemple a concreción de beirarrúas, na marxe esquerda da rúa





## CONCELLO DE BARBADÁS

e a retirada á linea axeitada do poste de madeira do tendido eléctrico que hai fronte ao convento das monxas da mesma rúa, que se atopa fóra da linea obstaculizando o tránsito viario.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 13,45 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO







## CONCELLO DE BARBADÁS

---

